

# Traizón á especie.

Como esquecer a psicose colectiva do ébola de finais de 2014? A enfermidade que levaba décadas matando africanos coouse no Primeiro Mundo sen previo aviso, creando un clima de pavor que o Goberno intentou neutralizar sen moito éxito. Unha das medidas tomadas co propósito de calmar a poboación foi o sacrificio de Excalibur, o can da auxiliar enferma. Pero, ironía, o resultado foi todo o contrario. A sociedade reaccionou con indignación ante o que considerou o asasinato dun inocente e desencadeouse toda unha vaga de protestas. Nos medios de comunicación e nas redes sociais non se falaba doutra cousa. Fixéronse recollidas de sinaturas para evitar o sacrificio. Chegáronnos imaxes de xente coreando “Asasinos, asasinos!” mentres os operarios sacaban a Excalibur do piso por última vez.

O incómodo do asunto é que o ébola non é algo novo. A última gran epidemia levaba meses matando xente; pero antes dela houbo outras moitas. A enfermidade existía décadas antes de chegar a España e seguirá a existir agora que xa a esquecemos. Pero nunca houbera, e seguramente non haberá, unha mobilización cidadá para esixir o envío de axuda a África semellante á que provocou ese can. Os africanos que morrían a miles non recibían a metade de atención nos medios de comunicación nin eran, ao parecer, merecentes da compaixón e solidariedade que recibiu Excalibur.

O alboroto causado polo sacrificio de Excalibur é unha proba máis de que a sociedade é cada vez máis sensible ao sufrimento animal. Isto xa se percibe botando unha ollada ás televisións cando se achega San Fermín ou o Torneo del Toro de la Vega: as imaxes de manifestacións antitaurinas, con enfrontamentos incluídos, volvéronse habituais. A tauromaquia e os espectáculos que implican sufrimento animal gratuíto xeran cada vez máis rexeitamento, e moven a miles de persoas a protestar activamente contra eles.

Significa esta recente preocupación polos animais que os seres humanos nos estamos volvendo máis empáticos cara ao sufrimento alleo? Que xa non aceptamos ningún tipo de maltrato, vaia a quen vaia dirixido? Non. A sociedade non é máis sensible ao sufrimento das persoas do que era hai corenta anos, pero sen dúbida si o é no que se refire ao sufrimento dos animais. No caso do ébola, todos esquecemos o tema agora que o pánico xeral rematou. De vez en cando sae no telexornal, cando non hai outro asunto

co que encher espazo, pero non ten ningunha capacidade de remover conciencias nin de provocar unha resposta social. Aparcámolo a un lado xunto con guerras, xenocidios, fame e violacións flagrantes dos dereitos humanos, xunto con todo o que ocorre no mundo (ás veces máis preto do que cremos) e non nos produce ningunha reacción. Non é casualidade que, en xeral, as persoas que son máis defensoras dos animais son as que máis desapego senten polas persoas. Aquí resulta case obrigado facer unha referencia a Brigitte Bardot, a actriz francesa que quixo cambiarse de nacionalidade en protesta polo sacrificio de dous elefantes enfermos, pero detesta os musulmáns e os inmigrantes.

Detrás da loita polos dereitos dos animais, tamén chamada animalismo, hai diversas organizacións, entre as que existe bastante variedade ideolóxica. En España, unha das máis influentes é PACMA, Partido Animalista Contra el Maltrato Animal, que conta con bastante apoio social: trátase da segunda forza extraparlamentaria e, nas eleccións xerais de 2011, recibiu 102.144 votos. PACMA defínese como un partido antiespecista, e manifesta na súa declaración de principios o seu rexeitamento á discriminación por motivos de especie, “que comparte as mesmas raíces que o sexismo, o racismo e a homofobia, considerando que todas e cada unha delas comportan o mesmo grao de inxustiza e deben ser erradicadas da nosa sociedade”.

Ata 1970 o concepto “especismo” nin sequera existía. Foi creado por Richard D. Ryder, que o definiu como a discriminación por motivos de especie. Nas últimas décadas, unha boa parte das organizacións de defensa dos animais adoptaron como principal obxectivo rematar con esa discriminación e pasaron a definirse como antiespecistas. Igualmente, xa non denominan o seu movemento “de defensa animal”, senón “de liberación animal”. Non só se opoñen ao sufrimento animal innecesario, senón a calquera tipo de utilización dos animais por parte do ser humano. Están en contra da industria gandeira, da experimentación con animais, do adestramento de cans guía ou cans antidroga... Isto é, en certo modo, lóxico. Partindo da base da que parten, a teórica igualdade entre animais e persoas, as formas en que utilizamos os animais para o noso beneficio non poden ser consideradas lexítimas. Se consideramos que unha vaca é igual en dereitos a un ser humano, daquela a industria leiteira non é menos inmoral que manter mulleres encadeadas para obter o seu leite. Se algo se lles pode recoñecer aos antiespecistas, é que son consecuentes coas súas ideas. Pero esa consecuencia non serve de nada se as premisas das que parten son, en si mesmas, contraditorias.

Os animais non son iguais ás persoas e non poden, baixo ningún concepto, ser equiparados a elas. Por suposto que están discriminados con respecto a nós, e non hai nada negativo niso. O trato que reciben é distinto polo simple motivo de que eles mesmos son diferentes. Os seres humanos somos racionais; o resto dos animais, non. Iso implica que non se lles poden nin deben aplicar as mesmas consideracións e os mesmos dereitos que a nós, nin se pode determinar que trato cara a eles é aceptable utilizando os nosos parámetros morais.

Crer que existe unha opresión sistémica cara aos “animais non humanos” non só é absurdo, senón que tamén ten implicacións perigosas. Os antiespecistas equiparan sen pudor o patriarcado ou o racismo co especismo, e claman por unha liberación animal que, segundo eles, é tan lexítima como pode selo a emancipación da muller ou o Movemento polos Dereitos Cívís en Estados Unidos. Unha campaña de PETA (Personas por el Trato Ético de los Animales) ilustra perfectamente isto: nela, comparábanse os campos de concentración nazis coas granxas nas que se crían polos masivamente. A campaña rematou por ser prohibida, si, pero non deixa de ser rechamante que o tribunal que ditou a sentenza non considerase que se tratara dun atentado contra a dignidade humana.

De calquera xeito, o que demostra esta campaña é que considerar os animais iguais ás persoas leva inevitablemente a restarlle valor á vida e dignidade destas últimas. Se continuamos con ese razoamento, podemos chegar a conseguir xustificación para os crimes máis espantosos. Poñendo un exemplo extremo: por que non alimentarnos de carne humana, se son o mesmo as persoas que os animais? A ideoloxía antiespecista considera inadmisibles ambas cousas, si; pero non máis inadmisible unha que a outra. Os postulados antiespecistas poden ser adoptados por calquera e aproveitados para facernos retroceder séculos de dereitos humanos.

A idea da igualdade entre animais e persoas xa non é exclusiva dun pequeno grupo de alternativos, senón que bota raíces e prospera extraordinariamente na sociedade, sobre todo entre a clase media-alta e as xeracións máis novas. Vai introducéndose no sentir xeral de forma tan sutil como efectiva: a maior parte dos “antiespecistas” non saben que o son, porque xamais oíron falar do antiespecismo nin cren que se trate dunha ideoloxía, só de sentido común.

Pero, que é o que provoca que tantas persoas, sen ser conscientes das implicacións e consecuencias deste pensamento, se vexan absorbidas por el tan facilmente, aceptándoo como algo normal, sen cuestionalo?

As causas hai que buscalas nos cambios na vida dos últimos tempos; cambios que, no caso de España en xeral e Galiza en particular, se deron a un ritmo moi apresurado. Eramos un país esencialmente rural e industrializámonos a velocidade vertixinosa. O éxodo rural encheu e expandiu as cidades, deixando as aldeas baleiras e creando novas xeracións de urbanitas que pensan que o leite vén do supermercado.

A organización social da vida urbana fomenta a concepción da sociedade coma unha simple suma de individuos, máis que coma unha comunidade. O sistema capitalista no que vivimos prioriza o individuo por diante do grupo. Imos facéndonos máis individualistas e desvinculándonos do colectivo. Hoxe en día, quen se sente parte dunha comunidade? Se non somos capaces de percibir a colectividade entre os veciños do barrio, como imos percibila a nivel de especie? E, de feito, moita xente xa non o fai.

Discutir cun animalista leva inevitablemente a escoitar preguntas retóricas que comezan por “A ti gustaríache que...?”. “*A ti gustaríache que te asinasen para comerte?*”, “*A ti gustaríache que experimentasen medicamentos contigo?*”, “*A ti gustaríache que te sacrificasen porque hai posibilidades de que teñas unha enfermidade letal?*”... Pois non, non me gustaría, pero dá a casualidade de que non son un pavo, unha rata nin un cadelo. Son unha persoa. Formo parte da túa mesma especie. Iso debería facer que sintas máis empatía por min que por un animal, que poñas o meu benestar por diante do seu.

Pero non o fai.

Hoxe non consideramos aceptable pisar os dereitos de alguén para satisfacer os nosos, e eles aplican isto ao uso de animais en beneficio humano. Causar dor nunha rata para curar unha persoa é, polo tanto, inmoral. A súa é unha ideoloxía produto do seu tempo e terriblemente individualista. Non comprenden a “lóxica” de priorizar unha persoa ante un animal porque non comprenden que é o que os une co resto de seres humanos. Por iso senten máis empatía cara a un can español que cara a miles de persoas palestinas ou africanas: non cren que toda esa xente teña algo que ver con eles. O concepto de

Humanidade perdeu todo o seu significado nunha época na que o “EU” o enche todo e a colectividade está a piques de desaparecer.

Por outro lado, a urbanización desvinculounos da natureza ata o punto de que a xente xa non sabe nin o que é un animal. Non é casualidade que os seus máis fervorosos defensores sexan xustamente aqueles que case non tiveron contacto con eles na súa vida. Descoñecen a natureza, a auténtica natureza, a que está chea de perigos e incomodidades. Coñecen, en cambio, a natureza das casas rurais e o sendeirismo con guía, e idealizan o *natural*, que adquire para eles carices case místicos.

A realidade é que hai miles de anos que o ser humano non vive na natureza. Ata a máis recóndita aldea no medio do monte é unha realidade cultural, un entorno domesticado e modificado á nosa medida. A natureza non é un entorno idílico onde loce o sol e cantan os paxaros, senón un medio hostil e perigoso, onde só impera a lei da supervivencia.

Os humanos somos seres culturais, e os animais non. Podemos impoñerlles aspectos superficiais dela e conseguir que os cans non mordan e os gatos non rabuñen, pero sempre serán seres naturais, e é inútil tentar cambiar iso.

Pero isto é algo que os animalistas, pertencentes na súa maioría ás clases medias urbanas, non poden comprender. Os únicos animais cos que teñen contacto son as súas mascotas, ás que tratan de despojar do seu carácter natural revestíndoas de cultura. Hoxe, os animais domésticos teñen ata salóns de beleza, onde se lles cortan as uñas e se lles riza o pelo.

Fórmase unha idea do mundo animal tan parcial como errónea. Chegan a crer que os animais poden ser tan racionais e ter sentimentos tan complexos coma os humanos, sen decatarse de que as súas mascotas só se comportan “como persoas” porque os seus donos lles impoñen esas condutas. E de que, ademais, se trata de imposicións superficiais e débiles, que caen rapidamente en canto o animal se atopa nunha situación natural.

Os nenos nados nas cidades son as primeiras xeracións que non desenvolven unha crueldade espontánea e gratuíta contra os animais. Para os nenos do rural, unha das diversións foi sempre xogar con insectos, ras ou caracois; xogos que remataban case sempre coa morte do animal en cuestión. Os nenos de cidade non adoitan ter

oportunidade de exercer esa violencia sobre os animais e, cando medren, atoparana desagradable e carente de sentido. Isto non é máis que un aspecto insignificante dun fenómeno maior: a organización da vida actual en Occidente leva inevitablemente ao descoñecemento, e rexeitamento, da crueldade e da violencia directas.

Pero o feito de que a violencia directa nos resulte inaceptable non quere dicir que a nosa sociedade estea exenta dela. A violencia que exercemos é virtual, pero as súas consecuencias son reais. Hoxe en día, pode matarse a centos de persoas mediante un bombardeo aéreo, e a persoa que sobe ao avión e pulsa o botón nunca mirará as vítimas aos ollos mentres agonizan. A súa violencia ten resultados, pero non os ve.

Especular en bolsa co prezo do trigo é condenar a morrer de fame a millóns de persoas, pero a sociedade non une a causa coa consecuencia, e bótalle a culpa da fame no mundo a calquera outra cousa antes que recoñecela como o resultado dun acto de violencia. Atópase ignorando a aquelas persoas que son vítimas dunha crueldade indirecta mentres se dedica en corpo e alma á defensa de animais que sofren unha violencia clara. Aquelas persoas que morren de fame porque as multinacionais estranxeiras espolian a riqueza do seu país non reciben tanta atención mediática coma os espectáculos taurinos, porque a crueldade empregada sobre os touros é directa, clara, simple. Porque protestar contra ela é fácil e non pon en perigo os intereses de sectores tan influentes. Porque alimentar o rexeitamento contra ela non só é seguro, senón tamén unha forma de desviar a atención social doutros asuntos que convén que se ignoren.

*“Os animais son mellores amigos que as persoas.”*

*“Os animais son seres pacíficos.”*

*“Sempre están aí cando te atopas só.”*

*“Nunca te abandonarían.”*

Todo o mundo escoitou algunha vez frases parecidas, ben sexa de boca dun amante dos animais ou colgado no seu muro de Facebook. Este tipo de afirmacións non só fan que me marabille da súa ignorancia acerca do mundo animal (que é de todo menos pacífico), senón que me suxiren preguntarme o porqué desa busca da bondade nos seres máis simples.

Hai algo que é certo: os animais son criaturas que non coñecen a maldade. Nada do que fan é inmoral porque non teñen moralidade. Un gato que xoga cruelmente cun rato moribundo non é inmoral, igual que non o é unha barbantesa que devora o macho, ou un león que mata unha camada enteira de cachorros alleos. Só seguen os seus instintos naturais. Son seres irracionais, e os seus actos non se miden nunha balanza bo/malo.

En cambio, os seres humanos si somos racionais. Si distinguimos o ben do mal; e, moitas veces, escollemos este último. Quizais demasiadas; e quizais é comprensible que a Humanidade chegase a un punto no que comeza a perder a esperanza en si mesma e busca refuxiarse nos animais. Busca a bondade neles, pero nunca a atopará. Polo mesmo motivo polo que non coñecen o mal, tampouco coñecerán xamais o ben.

Os seres humanos podemos cometer as maiores atrocidades, pero tamén somos capaces de bondade, de beleza, de integridade. É a crenza de que os humanos podemos, e debemos, ser mellores que os animais o que permite que o mundo vaia volvéndose algo máis xusto, pouco a pouco. As persoas escollemos o mal en moitas ocasións, si. Pero tamén podemos escoller o ben. O mundo pode ser mellor do que é agora, podemos facer que o sexa, pero é imposible se perdemos a esperanza no máis elemental que temos: a nosa humanidade.